

**III. OUTRAS DISPOSICIÓN****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

*RESOLUCIÓN do 23 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novas seccións bilingües en centros sustentados con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2021/22.*

Co obxecto de realizar a convocatoria de autorización de novas seccións bilingües en centros sustentados con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2021/22, esta secretaría xeral resolve anunciar:

Primeiro. Que a regulación e convocatoria de incorporación de novas seccións bilingües para o curso 2021/22 estará dispoñible no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal/portal>.

Segunda. Que os centros que desexen impartir o programa de seccións bilingües deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>.

Terceira. Que o prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 31 de maio de 2021.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2021

José Luis Mira Lema  
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

